



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE EULOGIO GÓMEZ FRANQUEIRA.
CURSO:6º
MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA

ÍNDICE

0. Xustificación lexislativa

1. Criterios de avaliación e Estándares de aprendizaxe.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

0. Xustificación Lexislativa

O artigo 91 da LOE (L.O 2/2006 do 3 de maio) modificada parcialmente pola LOMCE (L.O. 9 /2013 do 9 de decembro) establece a programación das áreas e materias como a PRIMEIRA función do profesorado. Dita programación establécese como aberta e flexible.

A lexislación vixente establece 3 niveis de concreción curricular:

O primeiro nivel ven dado tanto polo RD 126/2014 de 28 de febreiro (currículo estatal de primaria) coma o D 105/2014 do 4 de setembro (currículo galego).

O segundo nivel serían as correspondentes concrecións curriculares establecidas polos centros educativos.

O terceiro nivel corresponde coas diferentes programacións didácticas elaboradas polo profesorado para cada materia.

O presente curso escolar 2019-2020 ten o seu calendario estipulado pola orde 20-6-19, dita orde establece un total de 175 días lectivos. O Real Decreto 463/2020 estableceu o estado de alarma (aínda vixente e en fase de desescalada), dito documento interrompeu a asistencia de alumnado e profesorado aos centros educativos dende o 14 de marzo de 2020. Como consecuencia directa o número de días lectivos con asistencia de alumnado interrompeuse en 115 días (71 días no primeiro trimestre e 44 no segundo).

A teleformación substituíu ás clases presenciais e o profesorado tivo que organizar nun espazo moi breve de tempo a continuidade da docencia durante o estado de alarma. A teleformación no noso centro está condicionada pola escasez de equipos informáticos e conexións a internet nos fogares do noso alumnado.

Tamén é preciso resaltar a mala calidade das conexións a internet no ámbito do noso centro (zona rural con escasa cobertura tanto de móvil coma de internet).

A dirección do centro sondeu as posibilidades de comunicación das familias dando coma resultado un 40% de familias sen equipos informáticos operativos ou conexión a internet. A situación deu coma conclusión 3 únicas vías de comunicación: páxina web do centro, perfil de redes sociais (Facebook) e Whatsapp. Valorando as opcións, determinamos o Whatsapp como a vía preferente de comunicación dado que o 100% das familias son usuarias habituais deste sistema.

Seguindo as instrucións do 27-4-2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia; débense modificar os elementos previstos inicialmente nas programación didácticas establecidas a principios do presente curso escolar 19/20. Ditos cambios estarán referidos a:

- 1- Elementos curriculares avaliáveis
- 2- Modificacións metodolóxicas
- 3- Modificacións avaliativas.

1. Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe	
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B2.1. Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a das demais persoas, mostrando unha actitude reflexiva e crítica.	EFB2.1.2. Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.
B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	<p>EFB3.1.1. Adapta os desprazamentos a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustando a súa realización aos parámetros espazotemporais e mantendo o equilibrio postural.</p> <p>EFB3.1.2. Adapta a habilidade motriz básica de salto a diferentes tipos de contornos e de actividades físicodeportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e</p> <p>EFB3.1.3. Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físicodeportivas e artístico-expresivas, Aplicando correctamente os xestos e utilizando os segmentos dominantes e non dominantes.</p> <p>EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.</p>
B6.2. Coñecer, valorar e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.	EFB6.2.3. Realiza e pon en valor distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando os principios e regras específicas destes.
B6.4. Manifestar respecto cara á contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre, identificando e realizando accións concretas dirixidas á súa preservación.	EFB6.4.2. Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar.

2.Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: (Seguindo a orde ECD 65/2015)</p> <ol style="list-style-type: none"> 1- Observación sistemática do traballo dos alumnos. 2- Protocolos de rexistro. 3- Traballos de clase.
	<p>Instrumentos durante as clases presenciais:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1- Controis de unidades e trimestrais. 2- Caderno do alumn@. 3- Traballos individuais. 4- Class dojo (app educativa con ítems que valoran diferentes aspectos de cada unha das materias) <p>Instrumentos durante as clases telemáticas:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1- Tarefas propostas polo profesorado. 2- Class Dojo (app educativa con ítems que valoran diferentes aspectos de cada unha das materias).
Cualificación final	<p><i>Tendo en conta o número de días lectivos, procederase ordinariamente da seguinte forma:</i></p> <p><i>Cualificacións do 1º trimestre 62% da nota final</i></p> <p><i>Cualificacións do 2º trimestre 38% da nota final</i></p> <p><i>A cualificación final do curso obterase coa seguinte fórmula: Nota do 1º trimestre x 0,62 + nota do 2º trimestre x 0,38= nota final do curso.</i></p> <p><i>Aínda que se propoña este formato, analizarase cada caso individualmente buscando SEMPRE a mellor opción de cualificación final para cada neno ou nena.</i></p> <p><i>O traballo feito a partir da suspensión da actividade docente presencial SÓ puntuará en positivo e poderá supor ata un 10% de incremento na Cualificación final.</i></p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	Tarefas de repaso: Tarefas de recuperación: Tarefas de reforzo: Tarefas de ampliación:
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>A teleformación substituíu ás clases presenciais e o profesorado tivo que organizar nun espazo moi breve de tempo a continuidade da docencia durante o estado de alarma.</p> <p>Valorando diversas opcións determinamos en primaria o uso de Whatasapp como a vía preferente de comunicación dado que as familias son usuarias habituais deste sistema. Non será imprescindible o uso de impresora aínda que o concello tense comprometido a imprimir e facer chegar o material ás familias.</p> <p>1. A situación provocada pola metodoloxía non presencial fai que as actividades de aprendizaxe que se propón, aumente a importancia das seguintes estratexias:</p> <p>1.1. Partir de coñecementos previos presentando a información de xeito que active a curiosidade e o interese do alumno/a polo contido.</p> <p>1.2. Empregar unha linguaxe familiar que facilite a comprensión.</p> <p>1.3. Facilitar o proceso de orientación antes, durante e despois a través dos medios de interacción dos que se dispón.</p> <p>1.4. Coordinación entre o profesorado á hora de propoñer as tarefas ao alumnado para non sobrecargalo.</p> <p>1.5. O profesorado levará un control sobre a entrega de tarefas na plataforma educativa Esemntia para facer un seguimento da actividade lectiva e o nivel de desconexión.</p>
Materiais e recursos	<p>Dispositivos móbiles, vídeos titoriais, audios, mensaxes de texto así coma chamadas de voz co alumnado e familias.</p> <p>A vía de comunicación preferente é Whatsapp..</p> <ol style="list-style-type: none">1. Audios e vídeos.2. Actividades interactivas.3. Enlaces a páxinas web.4. Teléfono persoal dos docentes (whatsapp), páxina web e redes sociais do Colexio.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<ul style="list-style-type: none">➤ Plataforma de comunicación efectiva, Whatsapp:<ul style="list-style-type: none">○ Información ás familias e alumnos/as das actividades propostas, explicacións en diferentes formatos e solucionarios.○ Comunicación a través de correo electrónico (ceip.eulogio.gomez.franqueira@edu.xunta.es)➤ Redes sociais do Colexio.➤ Páxina web do Centro.➤ Chamadas telefónicas.
Publicidade	A adaptación da programación será publicada para o coñecemento de todas as familias polos seguintes medios: <ul style="list-style-type: none">• Páxina web do Centro.